

CONCELLO
DE VIGO



IMA

8º FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO

XIINA

S8NS

21-30 D XUÑO 2012

DOSSIER



ORGANIZA

Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1-36202 VIGO
Tel. 986.810.246; fax. 986.810.138; correo: ofi.areacultural@vigo.org

Alcalde
Abel Caballero Álvarez

Concelleira da Área de Cultura, Festas e Políticas de Benestar
Isaura Abelairas Rodríguez

Xefe do servizo de xestión e promoción cultural
Jesús López Moure

Dirección artística
Nani García

INFORMACIÓN XERAL

www.imaxinasons.com
www.vigocultura.org
Servizo de atención cidadá: 010 (dende móbil ou fóra de Vigo 986.810.260)
Horario: de 8 a 20 h. de luns a venres, de 10 a 14 h. os sábados

MODALIDADE DE ACCESO AOS CONCERTOS

Concertos de pagamento

- Salón de actos do MARCO: 3€
- Auditorio Municipal do Concello: 5€

Venda de entradas no mesmo día dos concertos,
nos despachos de billetes da sala do concerto desde unha hora antes do seu comezo

Entrada Libre até completar aforo:

- Terraza do Auditorio "Mar de Vigo"
- Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música.
- Praza da Constitución

En caso de inclemencias metereolóxicas, a organización poderá decidir o traslado dos concertos previstos na terraza do Auditorio "Mar de Vigo" e na Praza da Constitución ao Auditorio Municipal do Concello.



ÍNDICE

Presentación	3
Programa	5
Fichas de artistas	
Escola A Tempo de Pontevedra	6
Escola Municipal de Música da Coruña	6
Luisa Sobral	7
Rodrigo Amado Motion Trio + Paul Dunmall	8
Iago Fernández	9
Pablo Martín Quintet	10
Germán Díaz	11
Suelen Estar Quartet	12
Daniel Levin	13
Carles Santos + CaboSanRoque	14
Dhafer Youssef	15
Joachim Kühn / Majid Bekkas / Ramón López Trio	16
Orquesta Volland	17





Presentación



Satisfacer e sorprender. Eses son os dous obxectivos que quere acadar a oitava edición do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*, promovida e organizada polo Concello de Vigo. Satisfacer os gustos e inquedanzas das audiencias do jazz que se dan cita na cidade e sorprender con propostas que baten -en sentido figurado- no espectador. Pola calidade, polo grao de innovación e pola capacidade de conexión cun público sempre ávido de emocións fortes. *Imaxina Sons* é un dos festivais de jazz máis prestixiosos da península. Dino os principais críticos de jazz e música contemporánea; tamén nolo di o público cada ano, que valora unha programación de jazz, europea, contemporánea e aberta.

O menú de cada edición procura recoller o dinamismo do jazz que se fai en Europa. Con especial atención á nosa contorna. Así o primeiro concerto do festival correrá a cargo de Luisa Sobral, *estrela emerxente* portuguesa cun disco que gaña ouvidos cada día: *The Cherry on my Cake*, e o peche vai a conta da Orquestra Voland, proxecto músico-literario, ideado por Roberto Somoza e Quinito Mourelle, que nos propoñen *Oito pezas europeas*. Entre os dous concertos, unha figura de grande relevancia para entender os procesos vangardistas do jazz continental a partir dos anos oitenta: o pianista Joachim Kühn. Tamén cunha proposta que inclúe a voz como instrumento para o jazz, o festival ten o pracer de contar con Dhafer Youssef quen, en formación de cuarteto, aterra en *Imaxina Sons* por vez primeira.



Outros músicos galegos como Iago Fernández, no conservatorio, presentan proxecto discográfico: tamén o MARCO acolle a proposta experimental de Suelen Estar Quartet, cuarteto de improvisación da nosa cidade. Será o mesmo escenario ao que subirán dous grandes solistas como Germán Díaz co *Método cardiofónico* e o cellista estadounidense Daniel Levin. Preto de nós, máis jazz, neste caso *free*, procedente de Portugal, con Rodrigo Amado Motion Trio en colaboración co saxo británico Paul Dunmall, e sons flamencos na proposta de Pablo Martín Caminero, un talento do jazz tan sólido como discreto. Noutra punta do abano artístico deste oitavo *Imaxina Sons*, atopamos a vía experimental na que levan transitando anos o colectivo Cabo San Roque e o artista multifacético Carles Santos; xuntos coa *Maquinofobiapianolera* ofrécennos un fermoso espectáculo pretecnolóxico nesta era da tecnoloxía.

Un *Imaxina Sons* de free jazz, de libre improvisación, de folclore, de electrónica, de contemporánea, etc. Un anaco do que hoxe en día se entende como jazz europeo; así queremos que sexa o número oito. Desde o Concello de Vigo somos conscientes de que *Imaxina Sons* non sería posible sen as e os artistas que cada ano fan destacar o programa, sen os espazos que se converten en sede do festival, sen as rapazas, os rapaces e os mestres das escolas de jazz, sen un grupo de cómplices como os responsables dos clubs locais, e, sobre todo, sen o público, o que espera cada edición con impaciencia, pero tamén aqueloutro que o festival ten que conquistar.



PROGRAMA

XOVES 21 DE XUÑO

22h. Concerto inaugural. Luisa Sobral. *Terraza Auditorio Mar de Vigo*

VENRES 22 DE XUÑO

21,00 h Rodrigo Amado Motion Trio + Paul Dunmall. *Auditorio "Martín Códax" Conservatorio Superior de Música*

01,30 h Jazz na Noite. *Xancarajazz*

SÁBADO 23 DE XUÑO

Imaxina na Rúa. Escola A Tempo de Pontevedra. *Diferentes espazos da cidade en varios pases horarios*

21,00 h Iago Fernández. Agromando
Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música

01,30 h Jazz na Noite. *Xancarajazz*

DOMINGO 24 DE XUÑO

Imaxina na Rúa. Escola Municipal de Música da Coruña. *Diferentes espazos da cidade en varios pases horarios*

21,00 h Pablo Martín Quintet
Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música

LUNS 25 DE XUÑO

20,30 h Germán Díaz. Método cardiofónico. *Salón de actos do MARCO*

23,00 h Jazz na Noite. *Contrabajo*

MARTES 26 DE XUÑO

20,30 h Suelen Estar Quartet. *Salón de actos do MARCO*

23,00 h Jazz na Noite. *Contrabajo*

MÉRCORES 27 DE XUÑO

20,30 h Daniel Levin. *Salón de actos do MARCO*

XOVES 28 DE XUÑO

Pasacalles. *Diferentes espazos da cidade en varios pases horarios*

VENRES 29 DE XUÑO

Pasacalles. *Diferentes espazos da cidade en varios pases horarios*

21,00 h Carles Santos+CaboSanRoque. Maquínofobiapianolera. *Auditorio Municipal do Concello*

23,00 h Dhafer Youssef. *Praza da Constitución*

01,30 h Jazz na Noite. *Xancarajazz*

SÁBADO 30 DE XUÑO

Pasacalles. *Diferentes espazos da cidade en varios pases horarios*

21,00 h Joachim Kühn / Majid Bekkas / Ramón López Trio Out of the Desert. *Auditorio Municipal do Concello*

23,00 h Orquesta Voland. *Praza da Constitución*

01,30 h Jazz na Noite. *Xancarajazz*



IMAXINA NA RÚA

As escolas de música son xa parte natural do programa do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons* constituíndo un apartado en si mesmo denominado *Imaxina na Rúa*. O nivel musical que amosan nas actuacións en rúas e prazas da cidade é a mellor promoción para un festival de jazz.

SÁBADO 23 DE XUÑO

Orquestra A Tempo de Pontevedra

Diferentes espazos da cidade en varios pases horarios



Hai xa catorce anos que nacia a orquestra A Tempo en Pontevedra como unha formación con vocación pedagóxica e integrada por estudantes e afeccionados entre os 13 e os 55 anos. Dirixida por María Luisa Sánchez González e Miguel Angel Rodríguez, a orquestra supón unha oportunidade para iniciarse na práctica orquestral cun repertorio conformado por estándares de blues, jazz e rock.

Vinculada á escola de música A tempo, esta orquestra vese enriquecida ademais coa colaboración do IES A Xunqueira 1 de Pontevedra, cuxo alumnado ten a oportunidade de acceder á formación musical de jazz. Estes músicos entusiastas están encargados de animar a rúa no 8º Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons* e, como xa amosaron en anteriores ocasións, abofé que o conseguen.

DOMINGO 24 DE XUÑO

Escola Municipal de Música da Coruña

Diferentes espazos da cidade en varios pases horarios

A Escola Municipal de Música da Coruña acubilla no seu seo a alumnos e alumnas con diferentes intereses e sensibilidades musicais; de diferentes idades e con estilos dispares. Sen dúbida, a área de música moderna e jazz desta escola e o seminario de jazz que realiza anualmente este centro espertan cada vez maior interese entre os rapaces afeccionados ao jazz.



Na ensemble que participa no programa da sétima edición do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*, dirixida por José A. Acuña –tamén director da Escola- pódese apreciar a calidade destas mozas e mozos cun repertorio no que mesturan temas orixinais con estándares.



Xoves 21 de xuño 2012, 22h. Terraza Auditorio Mar de Vigo

Luisa Sobral



A música de Luisa Sobral inxecta optimismo; as creacións da cantora portuguesa son resultado dunha adolescencia centrada na música, da experiencia formativa nos Estados Unidos e de dúcias de concertos en clubs nos que interpretaba música brasileira. Luisa Sobral irrumpiu no panorama musical portugués o pasado ano e axiña acadou o disco de ouro polo seu traballo *The cherry on my cake*. Aos poucos vai rompendo barreiras e para *Imaxina Sons* é un pracer poder presentala en Galicia. Sen dúbida, Luisa Sobral non ten alma de fado; porén ten *algo* que consegue que, ao escoitala, un esqueza os problemas cotiáns.

Cando Luisa Sobral andaba a preparar o seu disco debut, a súa nai soñou que o vía nunha tenda e que se titulaba *The Cherry on my cake*, unha frase que aparecía nunha das cancións. Así que ela lle fixo caso e nomeou así un disco que só lle leva dado alegrías. Sen dúbida, o disco podería converterse facilmente na banda sonora dos mellores soños, aqueles cheos de imaxes a cor e de viaxes máxicas. Co single de presentación *Not There Yet*, as cartas estaban enriba da mesa: unha voz doutro tempo, unha paixón irrefeable polo cinema francés e un *cocktail* de jazz, bossanova e pop. Mais a dozura de Luisa Sobral non se pode confundir con algo livián. O seu proxecto actual é produto de moitos anos de estudo e traballo. Desde a adolescencia fixo da guitarra compañeira permanente e foise introducindo nos estándares do jazz. Durante catro anos estudou en Boston pasando pola Berklee College of Music; esa estadía traería nominacións en diferentes premios nos anos 2007 e 2008: *Malibu Music Awards*, *Hollywood Music Awards* ou *The John Lennon Songwriting Competition*. Atrás quedaba o seu paso por un concurso da televisión portuguesa -unha sorte de *Operación Triunfo*- que se ben, tal como ela recoñece, non lle achegou nada no plano musical, axudouna a atopar o seu propio camiño.

Luisa Sobral chega a *Imaxina Sons* acompañada da súa banda, unha formación de jazz con músicos destacados da escena musical portuguesa. No piano, Joao Salcedo, integrante tamén do *SMaLL Trio* e d'*Os Azeitonas*, no contrabaixo, João Hasselberg, formado entre Portugal e Amsterdam e inmerso en diferentes proxectos jazzísticos en Portugal, e na batería Carlos Miguel, acompañante habitual de grandes nomes da música lusa como Rui Veloso, Dulce Pontes, Sara Tavares, Mafalda Veiga, Carlos do Carmo ou Mariza. O pasado mes de maio Luisa Sobral debutaba en Londres, na Union Chapel, como teloneira de Ute Lemper conseguindo a admiración da audiencia e a atencións dos medios de comunicación británicos. Non se nos ocorre mellor guinda para o noso pastel.

Luisa Sobral, voz, arpa, guitarra
Carlos Miguel, batería
António Quintino, contrabaixo
João Salcedo, piano

www.luisasobral.com



Venres 22 xuño 2012, 21h. Auditorio "Martín Codax" do Conservatorio Superior de Música



Foto por Vera Marmelo

Rodrigo Amado Motion Trio + Paul Dunmall

Rodrigo Amado (Lisboa, 1964), saxofonista e fotógrafo, lidera un dos proxectos máis interesantes da escena jazzística portuguesa nomeado Motion Trio. O pasado ano, na procura de expansión para a súa sonoridade, convidan ao saxo Paul Dunmall a unirse a eles. Dunmall é para algúns críticos o saxofonista máis seguidor de Coltrane de todos os europeos. Asentado na improvisación e na composición en tempo real, o Motion Trio desafia o seu laboratorio de sons coa participación deste músico británico, experto en xuntarse coas mentes máis abertas do jazz.

Desde os dezasete anos, cando tivo que procurar unha entretemento para superar meses de inmovilización por un accidente, Rodrigo Amado comezou estudar saxofón cos músicos e mestres máis destacados da capital portuguesa, participando da Escola de Jazz do Hot Clube. Colaborou con artistas dun espectro tan variado como Vítor Rua, Rocky Marsiano, DJ Ride, Anabela Duarte ou Mão Morta. No ámbito do jazz, as súas colaboracións e achegas cóntanse por dúcias e entre os seus compañeiros: Adam Lane, Kent Kessler, Paal Nilssen-Love, Steve Swell, Ken Filiano, Steve Adams, Carlos Zíngaro, João Paulo, Greg Moore, Phill Niblock, Sei Miguel, Rafael Toral ou Manuel Mota. Foi un dos fundadores en 2001 do selo discográfico portugués Clean Feed, un dos referentes da edición de jazz na actualidade en todo o mundo, e agora dirixe a súa propia editora, European Echoes. No Motion Trio está acompañado de dous músicos que a audiencia de *Imaxina Sons* tivo oportunidade de coñecer a través doutros proxectos: o baterista Gabriel Ferrandini, membro de Red Trio, e o cellista Miguel Mira, que na pasada edición deixou impactado ao público do MARCO co proposta de dúo de violoncelos xunto Ulrich Mitzlaff. Paul Dunmall (Welling, UK, 1953) colabora habitualmente con músicos como Evan Parker, Henry Grimes, Andrew Cyrille, Keith Tippett, Paul Rogers, Tony Malaby, Mark Helias, entre moitos outros, e o seu currículo abrangue máis dun cento de referencias discográficas. Destaca na mestría do saxo pero toca habitualmente o clarinete, a gaita e un bo feixe de orixinais instrumentos de vento. Nesta alianza co portugués Motion Trio o que sobe ao escenario é unha proposta vital e orgánica, un proxecto que vai medrando no escenario ante os ollos da audiencia.

Rodrigo Amado, saxo tenor e barítono
Miguel Mira, violoncelo
Gabriel Ferrandini batería
Paul Dunmall, saxo tenor e soprano

www.rodrigoamado.com



Sábado 23 de xuño 2012, 21 h, Auditorio "Martín Códax" Conservatorio Superior de Música de Vigo



Foto por Janite

Iago Fernández. *Agromando*

Na pasada edición de *Imaxina Sons*, o baterista Iago Fernández (Cangas, 1987) estivo presente como integrante do trío liderado por Xan Campos. Sabiamos que naqueles días algo argallaba nun estudo de gravación da cidade portuguesa de Vilanova de Gaia. Agora xa sabemos a que andaba. Nesta oitava edición do festival presenta o seu primeiro traballo discográfico como líder, un proxecto que está a provocar que se fale del como un dos novos valores do jazz peninsular. *Agromando* (Free Code Records, 2012) é o título dun disco que reúne composicións propias con versións de artistas aos que admira como Djavan ou o grupo británico Radiohead. *Agromando* reflicte tamén o sentimento de modestia de Iago Fernández como músico; malia unha traxectoria máis que salientable, el considera que aínda está a medrar. Na contorna dunha familia de músicos, Iago Fernández comezou os seus estudos no Conservatorio de Cangas para pasar ao Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra aos quince anos. A súa formación non parou aí e trasladouse aos dezanove a Euskadi, para continuar preparándose no Centro Superior Musikene. É aí onde Iago comeza a desenvolver a súa faceta como compositor e axiña destaca acompañando a músicos de jazz por importantes festivais.

Di o crítico portugués António Branco no último número da revista *Jazz.pt*: "Se xa coñeciamos o baterista versátil e seguro, capaz de moldar a súa bagaxe ás diferentes formacións que integra -sexa por vía dunha sustentación rítmica máis física ou de apuntamentos de maior delicadeza-, *Agromando* mostra agora tamén as súas aptitudes como compositor". Se *Imaxina Sons* procura distinguirse como plataforma para o novísimo jazz feito en Galicia, Iago Fernández constitúe o referente perfecto cun presente extraordinario e un futuro completamente aberto. En *Agromando*, o disco que presenta nesta oitava edición do festival, o batería presenta sete composicións propias e tres versións: *Oceano* de Djavan, *Pyramid Song* de Radio Head e o estándar dos anos corenta *I'll be seeing you*. As eleccións dan idea dos intereses musicais do batería: amplos e eclécticos, contemporáneos e abertos. Facemos nosa a súa recomendación: veñan ver esta simbiose para coñecer como son os derroteiros do jazz no século vinte e un.

Zé Pedro Coelho, saxo tenor
André Fernandes, guitarra
Virxilio da Silva, guitarra
Xan Campos, piano
Demian Cabaud, contrabaixo
Iago Fernández, batería



Domingo 24 de xuño 2012, 21 h, Auditorio "Martín Códax" Conservatorio Superior de Música de Vigo



Foto por José Aguilar

Pablo Martín Quintet

Músico de formación clásica, o contrabaixista Pablo Martín Caminero (Vitoria, 1974) móvese con moita facilidade en diferentes ámbitos e con compañeiros moi variados. Sinfónico, barroco, flamenco e, por suposto, jazz. Así é este músico, que camiña tamén pola grande pantalla como compositor de bandas sonoras. Chega ao festival de Vigo como líder dun quinteto no que comparte escenario co saxofonista Perico Sambeat, o trombonista Toni Belenguer, Abe Rábade no piano e o Borja Barrueta na batería. O seu repertorio xa non é *jazz flamenco* nin *flamenco jazz*, segundo a crítica, senón a maduración do xénero até dar coa forza dunha proposta novidosa.

O contrabaixista Pablo Martín Caminero en tras de si unha importante traxectoria como intérprete no ámbito clásico; tras estudar nos conservatorios de Bilbao e Vitoria, acodeu á Escola Superior de Música de Viena. Alí ten a oportunidade de tocar todos os estilos; da bossanova ao barroco pasando polo jazz. Foi membro da *Joven Orquesta Nacional de España* (JONDE) e da *EGO* do País Vasco; tamén da Orquesta Ciudad de Granada, RIAS Jugendorchestter de Berlin e Jenesse Orchester de Viena. Tras coñecer ao percusionista Guillermo McGill, entra en contacto con artistas como Chano Domínguez e Martirio. Así mesmo colabora con Carmen Linares, Maria Joao Pires, Perico Sambeat ou Niño Josele. No terreo do jazz destaca a súa participación en Ultra High Flamenco, no sexteto de Chano Domínguez e no trío de Abe Rábade. Segundo o crítico Chema García Martínez: "Pablo Martín é un creador discreto ao que lle gusta permanecer nun segundo plano, e non porque careza de argumentos para alzar a voz, chegado o caso. O seu hábitat natural é o espazo intermedio que linda entre o flamenco e o jazz".

Como líder editou dous traballos: *Doméstica* (BOST, 2005) e *El Caminero* (BOST, 2011), un cd-dvd con pezas orixinais e dúas homenaxes aos contrabaixistas Dave Holland e Javier Colina. No quinteto de Martín Caminero atopamos unha representación dos mellores e máis activos músicos de jazz da península: os metais dos *mestres* Perico Sambeat e Toni Belenguer que contribúen á consistencia da proposta, a batería de Borja Barrueta, un músico que tamén lle dá ao punk e ao rock, e o piano de Abe Rábade, compañeiro de aventuras do contrabaixista e nome fundamental no jazz en Galicia.

Perico Sambeat, saxo alto e soprano
Toni Belenguer, trombón
Abe Rábade, piano
Pablo Martín, contrabaixo
Borja Barrueta, batería

www.pablomartincaminero.com



Luns 25 de xuño 2012, 20, 30 h *Salón de actos do MARCO*



Germán Díaz Método cardiofónico

Nos anos corenta o doutor Miguel Iriarte, un cardiólogo vasco que desenvolveu un amplo labor científico e educativo, editou unha colección de vinilos con gravacións dos latidos de corazón dalgúns dos seus pacientes. O obxectivo é que os seus estudantes puidesen recoñecer diferentes cardiopatías. Ao músico Germán Díaz (Valladolid, 1978) pareceulle extraordinariamente poético o contido daqueles vinilos. *Método cardiofónico* é o proxecto que presenta nesta oitava edición de *Imaxina Sons* este músico, denominado polo crítico de jazz Pablo Sanz, como o "Jimmi Hendrix da zanfona, ou o Miles Davis do noso folclore".

Sobre a base dos ritmos lanzados cun gramófono accionado a través dun pequeno motor, Germán Díaz vai introducindo diferentes instrumentos de manivela. Eses instrumentos len os cartóns perforados nos que o músico escribiu as súas melodías. O resultado é unha sonoridade única na que a zanfona se acompaña do "playasax", un xoguete dos anos vinte, a rolmónica cromática, a caixa de música e o órgano de barbaría. No directo vanse gravando os "loops" e improvisando por riba dos ritmos do corazón, os mesmos que fascinan a este músico. Germán Díaz ten tras de si un traballo abraiante amosando que a zanfona é un instrumento que se adecúa perfectamente á música contemporánea. Algúns din que toca a zanfona como se fose un instrumento distinto –póñase o caso, o violín-, o certo é que a sonoridade do instrumento nas mans de Díaz resulta impredecible. Hai anos que Germán Díaz cambiou a paisaxe de Castela pola de Galicia; en boa parte por atopar máis cancha para o traballo musical que lle interesa desenvolver. A música vénlle de familia, con dúas avoas pianistas e un tío chamado Joaquín Díaz, posiblemente o etnógrafo e folclorista máis reputado da península. Malia a súa xuventude, Germán Díaz gravou en 2003 o seu primeiro disco en solitario *El sueter de Claudia* (Dro East West) e posteriormente formou parte do proxecto Zona Acústica encabezado por Baldo Martínez e promoveu o RAO Trío co baixista Cesar Díez e con Diego Martín á batería. Ademais puxo en marcha Brigada Bravo & Díaz interpretando en clave de jazz, xunto ao guitarrista Antonio Bravo, temas da Guerra do 36. Formando parte do dúo Marisco Fresco, xunto a Diego Martín, participou na sexta edición de *Imaxina Sons*.

Germán Díaz, playasax, rolmónica cromática, caixa de música, órgano de barbaría, zanfona e live looping

www.germandiaz.net



Martes 26 de xuño 2012, 20,30 h *Salón de actos do MARCO*



Suelen Estar Quartet

Desde o punto de vista creativo, Suelen Estar Quartet é un dos proxectos máis interesantes xurdidos no ámbito musical en Galicia nos últimos tempos. Desde Vigo este cuarteto desenvolve un traballo de investigación ao redor da improvisación e dos sons contemporáneos. Macarena Montesinos, violoncello, Saul Puga, contrabaixo, Elena Vázquez, violín, e María José Pámpano, viola, uníronse para propoñer unha experiencia heteroxénea que envolve a audiencia. A organización de *Imaxina Sons* sente fachenda de contar con eles no escenario do MARCO, un palco ousado e experimental, nesta oitava edición.

Preséntanse como un cuarteto de improvisación libre de corda frotada, nacido no seo da OMEGA (Orquestra de Música Espontánea de Galicia) da que forman parte os catro. Non son nin moito menos un cuarteto clásico. Sen partituras todo o que crean é propio, inmediato, exclusivo e irrepitible. O seu obxectivo é crear unha linguaxe, un código común e único. "Unhas novas normas do xogo, para xogar ao xogo de sempre pero de forma diferentes", din. Os catro músicos, de formación clásica, participan de maneira separada en proxectos dispares dedicándose nalgún caso ao rock, á música antiga ou ao jazz. De feito, como reflicte o seu nome, *suelen estar* aquí ou acolá.

Como Suelen Estar Quartet na pasada edición do ALT Festival Alternativo das Artes Escénicas subiron ao escenario cun proxecto compartido coa bailarina Mónica García no que se puña de manifesto o seu traballo de investigación, acción e improvisación. Tamén o presentaron no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Nos últimos meses teñen demostrado en diferentes concertos polo país que son capaces de sorprender cada vez máis. Teñen trinta anos, son de Vigo, o seu nivel técnico é indudable e a súa capacidade creativa abraiante. Con eses vimbios, ao festival *Imaxina Sons* 2012 non lle quedaba outra que incluílos no programa desta oitava edición.

Macarena Montesinos, violoncello
Saul Puga, contrabaixo
Elena Vázquez, violín
María José Pámpano, viola

<http://suelenestarquartet.jimdo.com>



Mércores 27 de xuño 2012, 20,30 h Salón de actos do MARCO



Foto de Peter Gannushkin

Daniel Levin

De Daniel Levin (Vermont, EEUU, 1974) di a publicación norteamericana *All About Jazz* que é un dos violoncellistas máis excepcionais traballando na vangarda musical; tamén na revista francesa *Jazz Magazine* subliñan que é unha figura con maiúsculas do violoncello. Indubidablemente singular como compositor, improvisador e intérprete, Levin coloca o cello en primeiro plano no seu disco en solitario *Inner Landscape* (2011) demostrando as súas posibilidades expresivas. Por veces semella un combate; noutras, un namoramento. Daniel Levin e o seu cello protagonizan unha das sesións máis singulares do 8º Festival de Jazz de Vigo no escenario do MARCO.

Aínda que na etapa escolar tamén tocou o saxo, Daniel Levin comezou co cello aos seis anos teimando cunha aprendizaxe que o levou a graduarse en Boston no ano 2001. A partir de aí a súa será unha dedicación profesional á música e o seu primeiro disco como líder será publicado en 2009 con formación de cuarteto e baixo o título *Don't go it alone*. Nos últimos tempos colaborou e participou en gravacións doutros músicos destacados como Tim Berne, Anthony Braxton, Willian Parker e Ken Vandermark.

Con *Inner Landscape* (Clean Feed 2011), o músico estadounidense acomete un desafío con resultado sobresaínte: unha gravación só con cello con seis improvisacións que se converten nun mosaico da potencialidade contemporánea deste instrumento. Semella que a Levin gustáballe xogar coas pezas do lego cando era cativo e gozou moito ir colocando formas e cores neste disco sen sentir a presión de construír formas útiles. O certo é que consegue crear unha paisaxe que envolve o ouvinte. O pasado ano deu un gran concerto no Festival Jazz ao Centro de Coimbra, nun escenario abraiante como é o Mosteiro de Santa Clara-a-Velha, obtendo da audiencia unha atención inquebrantable. A conta deste show, escribía o crítico Nuno Catarino: " Se por veces o arco delineaba melodías doces, outras veces as cordas expresaban unha rugosidade atípica. A exuberancia técnica foi particularmente exposta nos momentos en que Levin traballaba en simultáneo o arco e o pizzicato". O que nos propón no MARCO de Vigo é unha viaxe emocional e inesperada co cello como compañeiro.

Daniel Levin, violoncello

www.daniel-levin.com



Venres 29 xuño 2012, 21 h, Auditorio Municipal



Carles Santos + Cabo San Roque. *Maquínofobianolera*

As propostas do colectivo Cabo San Roque están marcadas pola orixinalidade e a inventiva, destinadas a sorprender a unha audiencia que espera polo novo aparello saído do seu laboratorio. Se a eles se une un creador total como Carles Santos (Vinaròs, Castellón, 1940), o que se produce é unha colisión. Si, un choque entre o enxendro mecánico como ente superior e a ausencia total de respecto que Santos despreza sobre o seu piano. No espectáculo *Maquínofobianolera* non paran de pasar cousas sobre o escenario; a audiencia -nin sequera aquela acostumada á improvisación e á experimentalidade como é o caso da de *Imaxina Sons*- non ten acougo.

En *Maquínofobianolera* a máquina procede dunha fábrica de galletas, con pistóns e controlador MIDI, lista para poñerse ao servizo de Carles Santos como director musical da proposta. Trátase dunha mastodóntica orquestra mecánica na que caben válvulas, acordeón, xilófono, clarinetes, bombillas, sereas, etc. Fronte a máquina, Carles Santos e o seu piano. O escultor, performer, pintor, compositor e pianista; o mesmo que aporreaba o seu piano na Feira do Libro de Francfort en 2007 mentres o campeón do mundo de trial Adam Raga empoleirábase no piano coa súa moto. Con trece premios Max, un Premio Nacional de Teatro, un Premio Nacional da Música e unha morea máis de galardóns e distincións, se algo distingue a Carles Santos é unha creatividade inesgotable e unha enorme capacidade de interactuar con artistas máis novos. Santos, cuxos traballos iniciais, entrocaban con Joan Brossa e John Cage, actuou nas últimas décadas en teatros e auditorios de medio mundo, creando proxectos a medio camiño entre o teatro e a ópera cun tratamento multidisciplinar.

Se para o axitador cultural Carles Santos promover novas fórmulas escénicas é unha motivación, os integrantes de Cabo San Roque -colectivo que colle o nome dun vello trasatlántico- son artistas, lutiers e lampistas. O seu é a reciclaxe e a construción de enxeños mecánicos imposibles. Nos últimos anos a súa tripulación reduciuse pero os proxectos continúan. De feito están a construír unha instalación sonora mecánica automática que se presentará na Fonoteca Nacional de México en setembro deste ano. *Maquínofobianolera* é un xogo pretecnolóxico na era da tecnoloxía que deixará o público fascinado.

Carles Santos, piano
Laia Torrents, acordeóns, teclado e sputnik

<http://www.carles-santos.com>
www.cabosanroque.com



Venres 29 de xuño 2012, 23 h, Praza da Constitución



Dhafer Youssef Quartet

O virtuosismo da voz e do oud de Dhafer Youssef (Teboulba, Túnez, 1967) chega á oitava edición de *Imaxina Sons*. O músico, que instalou o seu espazo creativo en Europa, explora novas vías para unha música que xorde das súas raíces sufís e das súas capacidades vogais. Con ese punto de partida, Youssef acadou un grande recoñecemento no ámbito jazzístico. A voz de Dhafer Youssef en directo soa como a voz da serenidade; a ensablaxe que fai entre a música de raíz islámica e os elementos do jazz contemporáneo converteuse nun dos sucesos do jazz europeo dos últimos anos.

Cando Dhafer Youssef narra a súa biografía, esta soa como unha historia conmovedora, marcada pola superación da adversidade, pero tamén divertida. Naceu nunha familia pobre en cuxo seo a perspectiva de estudar música era máis que remota. Pero o descubrimento do oud, o instrumento africano que entronca co laúde, supuxo a revelación do seu destino e da súa propia voz. "Se nacesse en África, sería percusionista. En Nova York tocaría o saxo. Pero nacín en Tunisia, toco o oud. Se estivese preto dun piano, quizais o tocaría, pero a realidade é que a primeira vez que vin un foi en Viena cando eu xa tiña 19 anos".

Sería nesta cidade europea onde se descubriría a si mesmo como compositor mentres lavaba pratos, limpaba fiestras e exercía de camareiro italiano sen selo. Todo para poder acceder á música pola que devecía: o jazz. Cando o club Porgy and Bess lle deu a oportunidade de presentar os seus proxectos unha noite ao mes, sen cortapisas, Dhafer Youssef comezou a tecer redes con destacados músicos da escena local e resultado daquela experiencia xurdiría o seu primeiro disco *Malak* (1999). Posteriormente viaxa a Nova York para gravar o disco *Electric Sufi* (Enja, 2001). O músico tunecino destaca xa pola súa concepción dun jazz exótico no panorama europeo, no que a súa voz convértese nun elemento singular.

Tras a experiencia estadounidense, Dhafer Youssef establecerá unha conexión moi estreita co nu-jazz noruegués e formará, de feito, a súa banda co guitarrista Eivind Aarset, o baterista Rune Arnesen e o trompetista Arve Henriksen. Con eles publica o disco *Digital Prophecy*, no que tamén participa o pianista Bugge Wesseltoft; a ponte con Noruega continuaría no seu disco *Divine Shadows* (2006). Nos últimos tempos o seu traballo vai transitando dunha concepción eléctrica a unha proposta máis acústica. O seu último disco é *Abu Nawas Rhapsody* (Jazzland Universal, 2010).

Dhafer Youssef, laúde e voz
Kristjan Randalu, piano
Phil Donkin, contrabaixo
Chader Sardjoe, batería
<http://www.dhaferyoussef.com>



Sábado 30 xuño 2012, 21 h, Auditorio Municipal



Foto por Arne Reimer

Joachim Kühn / Majid Bekkas / Ramón López Trio Out of the Desert

Nos anos oitenta o pianista Joachim Kühn (Leipzig, 1944) foi un dos renovadores do jazz en Europa, especialmente nas súas alianzas con músicos como Daniel Humair e Jean-François Jenny-Clark. Trátase dunha das figuras máis relevantes do jazz en Europa, que combina a súa faceta musical co seu traballo como pintor. Para *Imaxina Sons* é unha honra contar con el no programa da oitava edición, acompañado de dous grandísimos músicos como son o batería Ramón López e o guitarrista marroquino Majid Bekkas, mestre de instrumentos tradicionais como o guembri, o oud e a kalimba, que, ademais, achega a súa característica voz a este trío.

O primeiro traballo editado por esta alianza de músicos chamouse *Kalimba* (ACT 2007), considerado un dos mellores discos de jazz de Europa en 2007. Dous anos máis tarde, os tres músicos percorren durante un mes o deserto do Sahara nunha experiencia que os conducirá ao segundo traballo en común, *Out of The Desert* (ACT, 2009), no que introduciron ritmos bereberes, marroquinos e de Benin. *Chalaba* (ACT 2011) supuxo a continuación da súa investigación nos ritmos norafricanos e a constatación das extraordinarias pontes existentes entre o jazz e os sons de África.

Pianista de formación clásica, Joachim Kühn deixouse levar a principios dos anos sesenta pola liberdade creativa do bebop e, abraiado pola obra de John Coltrane, promove varias formacións de jazz para tocar de xeito profesional. Nos anos setenta xa toca por todo o mundo co grupo de Jean-Luc Ponty. Nos anos noventa encabeza a formación Special Quartet con Joe Lovano, Adam Nussbaum e J.F. Jenny-Clark. Traballa ademais con Michel Portal, Dave Liebman e Ornette Coleman. Desde hai máis de dez anos reside en Ibiza e continua en activo en diversos proxectos musicais así como na súa faceta pictórica. A súa vontade de continuar evolucionando lévao a colaborar con xoves figuras do jazz como Michael Wollny. Nesta oitava edición de *Imaxina Sons* teremos oportunidade de ver a un grande trío que, alén da mestría de Kühn ao piano, conta cun dos baterías máis reputados do jazz europeo. O alacantino afincado en Francia, Ramón López, móstrase como un percusionista de luxo e grande forza nun proxecto que abraza os ritmos africanos; de poñerlle voz e de interpretar con mestría os instrumentos tradicionais encárgase Majid Bekkas. Vanguarda e tradición para unha proposta que racha calquera molde.

Joachim Kühn, piano
Majid Bekkas, voz, gembri, oud
Ramón López, batería



Sábado 30 de xuño 2012, 23 h, Praza da Constitución



Orquesta Voland *Oito pezas europeas*

A viaxe musical por Europa que propón a Orquesta Voland apóiase en dous pés. Un deles estaría construído coa música de Roberto Somoza; o outro, coa escrita de Quinito Mourelle. E entrambos, un abano de cores, sons e culturas que constitúen esta orquesta nacida na Coruña en 2011 e que agora presenta o seu primeiro disco-libro. Uns cantos pasos son os que hai entre os ritmos balcánicos e a muiñeira, entre o folclore e o jazz. A Orquesta Voland, que toma o nome do protagonista da novela do escritor ucraíno Mijaíl Bulgákov, pono de manifesto con esta viaxe musical e literaria titulada *Oito pezas europeas*.

Roberto Somoza (Londres, 1971) posúe unha formidable capacidade de traballo alén do seu talento creativo. O seu saxo pode escoitarse nas gravacións discográficas de numerosos artistas, desde o jazz até o pop e o rock. A formación como músico de Roberto Somoza está vinculada ao Conservatorio de Música da Coruña, onde realizou estudos de clarinetista, teoría musical e harmonía e onde, bastantes anos máis tarde, exerce de profesor de saxofón. Comezou tocando o saxo na adolescencia de forma autodidacta e máis tarde pasaría a estudar con prestixiosos músicos como Pedro Iturralde, Benny Wallace, Chucho Valdés, James Williams, etc. Somoza pertence á xeración que desenvolve o jazz en Galicia a partir do caldo de cultivo creado nos anos oitenta por proxectos tan emblemáticos como Clunia, formación á que se uniría xa no século vinte e un xunto cos membros orixinais. Xunto a el neste novo proxecto mestizo sete músicos galegos (Alfonso Morán Rubén Deschamps, Rubén Montes, Xocas Meijide, Rafael Espido, Juan Pérez e Jesús Sánchez), o búlgaro Nikolay Velikov e a moldava Galina Botnar. E, por suposto, o músico e escritor Quinito Mourelle, *ideólogo* xunto a Somoza, nesta iniciativa na que vai introducindo como fío condutor unha serie de historias nas que os protagonistas son os propios músicos de xira por Europa. Nesa aventura atravesan Bulgaria, Rumanía, Moldavia, Ucraína, Polonia, Alemaña, Francia e España expresando as súas emocións e experiencias nas fronteiras entre o folk e o jazz.

Roberto Somoza, saxo tenor
 Alfonso Morán, contrabaixo
 Galina Botnar, acordeón
 Nikolay Velikov, violín
 Rubén B. Deschamps, guitarra
 Rubén Montes, percusión
 Xocas Meijide, clarinete
 Rafael Espido, clarinete
 Juan Pérez, clarinete
 Jesús Sánchez Montero, clarinete



CONCELLO
DE VIGO



WWW.IMAXINASONS.COM

VIGOCULTURA.ORG | TEL. 010

